



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL-A BAIUCA. P.Q. 0+000 - 18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA. TREITO: 0+000 - 9+400.

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU/16/075.10.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 24 de maio de 2022

Lugo, 22 de abril de 2022.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3096

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
50	ABUCIDE GARCIA VIRTUDES 76495452-M, BUGALLO ABUCIDE MARIA ISABEL 79334606-Q, BUGALLO REGUEIRO JUAN 76498153-S	GUIMAREI DE ARRIBA, 1. 27235 FRIOL (LUGO)
101A; 94	BLANCO NEIRA ANGEL ANTONIO 33822313-P	CONDES, 14. 27235 FRIOL (LUGO)
196; 183; 181; 178; 176	CASAL PENA JUAN CARLOS 33331421-M	VILAR, 1 - SAN CIBRAO. 27235 FRIOL (LUGO)
165; 127; 142	CESTEROS PEREZ CARLOS 12196803-H, RODRIGUEZ COBAS ANGELINES 33842568-T	XUL - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
20	DABLANCA PENIN JULIO 33848973-B	CONDES. 27220 FRIOL (LUGO)
47; 31; 172; 39	DESCOÑECIDO	
15	DIAZ SEREN AMELIA (HEREDEROS DE) 33824463-L	AVDA. DE BEGONTE, 17 27220 FRIOL (LUGO)

24; 185	EN INVESTIGACION ARTIGO 47 LEI 33/2003	
30; 29	FRAGA CORREDOIRA JOSE RAMON 33834539-K	RÚA DOS CASTELOS, 1 - 27220 FRIOL (LUGO)
27	FRAGA CORREDOIRA JOSE RAMON 33834539-K, SANCHEZ CASTRO JOSEFA 33309301B	RÚA DOS CASTELOS, 1 - 27220 FRIOL (LUGO)
191	GARCIA COBAS CONSTANTINO 33801022-S	OTERO PEDRAYO, 33 - ESC. 1 - 2º H. 27003 LUGO
83	GRANDIO CABO JESUS 33834582H, CABO BARREIRO CARMEN 33822961N	
71B	GRANDIO CABO JOSE ANTONIO 33805114J, CABO BARREIRO CARMEN 33822961N	MACEDO, 5 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
130; 135A; 136; 137; 167	JUL PENA PAZ 76532044G	RAMÓN Y CAJAL, 5-BAIXO. 27220 FRIOL (LUGO)

R. 0966

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

José Ramón Pita Blanco solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27. 81744

As obras solicitadas consisten nas obras de construción dun muro opaco, beirarrúa e canle perimetral de recollida de pluviais, no predio con referencia catastral 27038A053000700000AX; na zona de policía do rego de Merille, no lugar de Casaido, parroquia de Santa Eulalia de Merille, no concello de Oourol, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Oourol ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de abril de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias

R. 0967

Anuncio

Manuel Tallón Maseda solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.79970

As obras solicitadas consisten nas obras de construción dun peche perimetral de maia, dunha porta e dun portón con zócalo opaco, no predio con referencia catastral 27002A109206790000RG - parcela correspondente ao 1501 ZCP Val de Alfoz; na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Fontelo, parroquia de San Pedro de Mor, no concello de Alfoz, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de abril de 2022.- o xefe do Servizo Territorial de Lugo, P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 0968

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR, E MOCIDADE

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN SESIÓN CELEBRADA O 1 DE ABRIL DE 2022, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACÍONS AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "DA ESCOLA Á GRANXA", NA ANUALIDADE 2022

BDNS

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, no enderezo electrónico: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Primeiro.- Obxecto

As presentes bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, no marco do Programa "Da escola á granxa", de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (en adiante, ANPAS) da provincia de Lugo, para apoiar a organización de visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas.

Segundo.- Beneficiarias

Poderán ser beneficiarias destas subvencións as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

Tamén poderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoiros ou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

Atendendo á finalidade da concesión das subvencións, será requisito para obter a condición de beneficiarias das subvencións que as ANPAS pertencan a centros educativos de municipios rurais, considerándose como tales os municipios de ata 20.000 habitantes. Porén, no suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito existente para a execución do Programa, poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as ANPAS que pertencan a centros educativos de municipios cuxa poboación supere os 20.000 habitantes.

As ANPAS terán a condición de beneficiarias das subvencións, debendo nomear, en todo caso, un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiarias, lles correspondan.

Estas entidades non poderán extinguirse ou desaparecer ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.

As beneficiarias deben cumprir os requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, estando sometidos, en todo caso, ás obrigas previstas nos artigos 14 e 11 das mesmas Leis, respectivamente.

En ningún caso poderá acceder á condición de beneficiaria a entidade que, tendo solicitada a subvención, teña pendente de xustificación subvencións anteriormente outorgadas pola Deputación de Lugo, sempre que o prazo establecido para a súa presentación finalizase.

Os requisitos para obter a condición de beneficiaria das subvencións acreditaranse mediante a presentación dos documentos que se relacionan na Base 8.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade, no enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

Convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros escolares de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa

“Da escola á granxa”, na anualidade 2022; enderezo electrónico: <https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrenca>

Cuarto.- Contía das subvencións e compatibilidade con outras axudas

A contía total máxima destinada a estas actividades, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, é de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 600 € por visita ou actividade organizada.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o seu 5% deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2022, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo para a presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Este Acordo pon fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo cabe interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado desta Orde Xurisdiccional de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que consideren procedente.

Lugo, 26 de abril de 2022.- O Presidente, P.D. Decreto do 24/07/2019, a deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, Mónica Freire Rancaño.

R.1015

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2022.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerase, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas nominativas tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no primeiro trimestre do ano 2022:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
SERAGRO S.Coop. Galega	F15771793	Nominativa	Xornadas de vacún de Leite	4330.48900	12.000,00 €	Presidencia
Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta	G27386515	Nominativa	XXXVIII Edición Mostra Exposición de Muimenta	4330.48900	8.000,00 €	Presidencia

Asociación Provincial de Reparación e Venta de Automóviles e Recambios (APREVAR)	G27030790	Nominativa	Compra de instalacións	4330.789	40.000,00 €	Presidencia
Fundación de Feiras y Exposiciones de Lugo	G27161496	Nominativa	EQUIGAL, Salón Internacional do cabalo	4331.48903	40.000,00 €	Presidencia

Área de Formación, Ensino e Economía do coñecemento

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Ilustre Colegio de Abogados de Lugo	3261.48900	Nominativa	Master Oficial da Avogacía en Lugo	3261.48900	12.000,00 €	Presidencia

Lugo, 25 de abril de 2022.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0973

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FEMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

BECERREÁ.- CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E CENTRO DE SECCIONAMENTO PARA O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIAL COMARCAL

EXPTE GTM: 2022/CON_01/000001

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lugo, 22 de abril de 2022. O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0974

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 27 DE ABRIL DE 2022 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOA ADMITIDA, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E DE CELEBRACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO, DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURADUNHA PRAZA/POSTO DE TÉCNICO/A SUPERIOR FORESTAL, RESERVADA A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL.

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 13.08.2021, apróbase a convocatoria e as bases específicas que rexerán o proceso selectivo para cubrir unha praza/posto de Técnico/a Superior Forestal, encadradas na escala de administración especial, subescala técnica, técnicos/as superiores, Grupo A - Subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical (BOP núm. 193, do 23.08.2021).

As bases xerais que rexen a convocatoria foron aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de 13.03.2020 e publicadas no BOP núm. 089, do 20.04.2020 e BOP núm. 112, do 18.05.2020.

Rematado o prazo de presentación de instancias segundo o establecido nas Bases Xerais 6 e 7 que rexen o dito proceso selectivo, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, RESOLVA:

1º. Aprobar a seguinte listaxe definitiva de persoal admitido:

NÚMERO	APELIDOS E NOME
01	FERNÁNDEZ REIJA, LUIS JESÚS

2º. Nomear aos membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE.-

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto xefe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Rodríguez Ferreira, asesor técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Titular: Don Héctor Diéguez Aranda, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

SECRETARIO.-

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor-adxunto da Deputación de Lugo.

ASESOR: *Don José Fernández Parajes, enxeñeiro de montes, xefe da Sección de Vías e Obras da Deputación de Lugo.*

3º. Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o MÉRCORES día 11 de MAIO de 2022 ás 9 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.

4º. Citar aos membros do Tribunal e mais á persoa aspirante admitida para que compareza o MÉRCORES día 25 de MAIO de 2022 ás 9 horas, no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

5º. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), na web corporativa da Deputación de Lugo - apartado Emprego Público (RRHH) e no Taboleiro de Anuncios da Entidade.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da citada publicación no BOP, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

Lugol, 28 de abril de 2022; O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 6 de abril de 2022, adoptou o acordo de aprobación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POR INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA , GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

De conformidade co disposto no artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 22 de abril de 2022.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0975

LOURENZÁ*Anuncio*

Sendo definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Presuposto para o exercicio económico do 2022 por acordo adoptado en sesión celebrada o día 17/03/2022 en cumprimento co disposto no artigo 169. 3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que o dito Presuposto ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á contía de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS CORENTA MIL (2.540.000,00) EUROS ,asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES 1.968.100,00		
1	GASTOS DE PERSOAL	1.035.900,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	663.000,00
3	GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	262.200,00
5	FONDO CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	
B)OPERACIÓNS DE CAPITAL 571.900,00		
6	INVESTIMENTOS REAIS	549.900,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	22.000,00
TOTAL GASTOS		2.540.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES 2.107.700,00		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	695.000,00

2	IMPOSTOS INDIRECTOS	30.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	261.600,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.105.300,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.800,00
B)OPERACIÓNS DE CAPITAL 432.300,00		
6	ENAXENACIÓN DE INVESTIMENTOS REAIS	200,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	432.100,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	00,00
TOTAL INGRESOS		2.540.000,00

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIÓNS	GR	SITUACIÓN	RÉXIME
1				
1.1.-Subescala Secretaría -Intervención	1	A1	O	F
2				
2.1.- Subescala Administrativa				
2.1.1.- Xefatura Sección e Tesourería	1	C1	O	F
2.1.2.- Xefatura Sección	1	C1	O	F

B)PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN PRAZA	NÚMERO	XORNADA	SITUACIÓN	RÉXIME
Bibliotecaria -Técnico Cultura	1	Completa	O	L
Coordinador Deportivo	1	Completa	O	L
Traballadora Social	1	Completa	O	L

C)PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN PRAZA	NÚM.	XORNADA	SITUACIÓN	RÉXIME
Arquitecta Oficina Rehabilitación (ARI)	1	Completa	O	L
Educadora Familiar	1	Media	O	L
Auxiliar Administrativa	1	Completa	O	L
Técnico Emprego (Subvencionado)	1	Completa	O	L
Educadoras Infantís (Subvencionado)	3	Completa	O	L

Operarios Servizos Múltiples	5	Completa	O	L
Servizos Limpeza	4	Completa	O	L
Servizo Axuda Domicilio(Subvencionado)	11	Completa/Media	O	L
Servizo Prevención Incendios e Motobomba (Subvencionado)	8	Completa	V	L
Socorristas (Cooperación Subvencionado 100%)	2	Completa (2 meses)	V	L
Programa Depuemprego Deputación	6	Completa/Media (5/6 meses)	V	L
Programa Aprol Rural	2	Completa (9 meses)	O	L

Lourenzá, 25 de abril de 2022.- A Alcaldesa - Presidenta, Rocío López García.

R. 0977

LUGO

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de abril e ata o 20 de xuño do ano 2022, ambos inclusive, pónse o cobro en período voluntario o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó primeiro trimestre de 2022.

Para o cobramento do mesmo, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de maio de 2022.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2022 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 8 de abril de 2022.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0978

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Así mesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de abril ao 20 de xuño do ano 2022, ambos inclusive, pónse ó cobro en período voluntario o padrón de recibos do Imposto sobre Bens

Inmobles de natureza urbana e do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza rústica correspondentes ao exercicio 2022.

Para o cobramento dos citados tributos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas. A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana implicará o seu fraccionamento en dous periodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 6 de xuño polo importe do 50 % do recibo e o segundo cargo o día 5 de setembro polo importe do restante 50 % do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o periodo voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo cargo.

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectualo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197- 2º andar (Facenda Local), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 20 de xullo de 2022 utilizando o mesmo recibo en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA, Banco Sabadell, Caixa Rural Galega e Correos; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 8 de abril de 2022.- A TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0979

Anuncio

DECRETO Nº 4308/2022 do 25/04/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Arquitecto/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2018) e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

- Polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018), que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 13/548 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de novembro de 2020.

O antedito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” número 286, do 14 de decembro de 2020, e extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” núm. 31, de 16 de febreiro de 2021. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 61 do 12 de marzo de 2021.

- Polo Decreto Nº 4094/2022 do 12/04/2022 resolveuse aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020, para o acceso a dúas prazas de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario e unha en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2018).

- Escrito presentado por D. Alejandro López López con data 22 de abril de 2022.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 25 de abril de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Con data do 22 de abril de 2022 e, no que se refire á convocatoria dunha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario, (OEP 2018), foi

presentado escrito por don Alejandro López López aportando documentación que pon de manifesto que inicialmente foi aportado título válido para a súa admisión no proceso selectivo.

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal do 25 de abril de 2022 e, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

Primeiro.- Incluir na lista definitiva de admitidos no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº 7326/2020 DO 19/11/2020 no que se refire **a unha praza de Arquitecto/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario, (OEP 2018), a:**

ADMITIDOS/AS

Apelidos e nome	DNI
LOPEZ LOPEZ, ALEJANDRO	***4887**

Segundo.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 1016

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

PRESUPOSTOXERALEXERCICIO 2022

Na Intervención desta Entidade Local e conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85, de 2 de Abril e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encóntrase exposto o público, a efectos de reclamacións, o Presupuesto Xeral para o exercicio de 2022, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27 de abril de 2022.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, citado e enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións con suxeición ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións:** Quince días hábiles a partir do seguinte día de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.
- Oficina de presentación:** Rexistro Xeral.
- Órgano ante o que se reclama:** Concello Pleno.

Faise constar expresamente que en caso de non presentarse reclamacións, o Presupuesto considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

NAVIA DE SUARNA, 27 de abril de 2022.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 1019

RIBADEO

Anuncio

O Concello de Ribadeo, ao amparo do disposto no artigo 37 da vixente Lei 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e demais normativa de aplicación en virtude de expediente que instrúe

ten intención de inscribir ao seu favor no Rexistro da Propiedade o inmovible que se describe na resolución seguinte da Alcaldía-Presidencia relativa á incorporación ao Inventario de Bens Municipais desta Entidade:

“RESOLUCION DA ALCALDÍA DE PROPOSTA DE INCLUSIÓN DE BENS E DEREITOS NO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBADEO.-

Esta Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 278 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, artigos 17 e ss. do Real Decreto 1372/1986 aprobatorio do Regulamento de Bens das Entidades Locais, artigo 206 e concordantes da Lei Hipotecaria, aprobada por Decreto de 8 de febreiro de 1946 na súa vixente redacción e demais normativa de aplicación,

Vistos expedientes urbanísticos tramitados sobre o inmovible sito na rúa Deputación, 3 desta Vila así como expediente seguido para o aboamento de multas coercitivas impostas en execución forzosa para a realización de obras necesarias no inmovible de referencia, estando os actuais herdeiros (titulares catastrais) do referido inmovible sen comunicación algunha a todas cantas notificacións e publicacións a través do BOE se practicaron para o resarcimento por parte do Concello das débedas contraídas con esta Administración, dando como resultado a ausencia total de resposta polos titulares catastrais coñecidos.

Visto informe de Secretaria de 20 de abril de 2022.

Esta Alcaldía no uso das atribucións que lle confire a vixente lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º. Propoñer a inclusión no Inventario Municipal de Bens deste Concello de Ribadeo, previa tramitación do expediente procedente con nova notificación aos herdeiros coñecidos e información pública para alegacións por aquelas persoas que se consideren con algún dereito, dos bens e dereitos seguintes:

Edificación sita na rúa Deputación nº 3 de Ribadeo.

Referencia catastral 8222055PJ5282S0001MZ

Clase: urbano. Superficie gráfica parcela: 56,00 m2.

Superficie construída: 37 m2.

Uso residencial. Valor catastral: 5.660,74 €. Solo: 2.847,52 €. Construcción: 2.813,22 €.

Titular catastral: No Centro de Xestión catastral segundo certificación descriptiva e gráfica de 20/04/2022 consta como titular Antonio García Pérez, DNI/NIF **3856**

2º A expedición de certificación acreditativa desta proposta de inscrición no inventario municipal de Bens da Corporación, procedéndose de conformidade co disposto no artigo 279 da vixente Lei de Administración Local de Galicia.

Mandao e asinao o Sr.Alcalde, en Ribadeo a data sinatura electrónica, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,FERNANDO SUAREZ BARCIA. O SECRETARIO,JOSÉ A. CARRO ASOREY

Faise público o presente edicto para que calquera persoa que se considere con algún dereito sobre este ben inmovible que se pretende inscribir formule, no prazo de 30 días, as alegacions ou reclamacións que considere procedentes.

As mesmas poderán presentarse, no seu caso, no Concello de Ribadeo sito na Praza de España, 1. 27700 Ribadeo (Lugo), durante o referido prazo e/ou por calquera medio admitido en dereito conforme ao disposto na vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Ribadeo, 25 de abril de 2022.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0980

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 25 de marzo de 2022, aprobou inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio 2022, xunto co Cadro de Persoal e as Bases de Execución. O Orzamento estivo exposto ao público por un prazo de quince días hábiles, durante o cal non se presentaron reclamacións. En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o orzamento considérase definitivamente aprobado e, por medio do presente anuncio, dase conta do anterior e publícase o

resumo do mesmo por capítulos, tal e como dispón o artigo 169.3 do mesmo texto legal e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

ESTADO DE GASTOS

Capítulo	DESCRICIÓN	IMPORTE
1	GASTOS DE PERSOAL	596.418,12
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.295.070,52
3	GASTOS FINANCEIROS	13.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	145.238,23
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVERSIONS REAIS	170.584,21
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	TOTAL GASTOS	3.220.311,08

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	DESCRICIÓN	IMPORTE
1	IMPOSTOS DIRECTOS	950.200,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	468,254,25
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.776.856,83
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00
6	ENAXENACION DE INVERSIONS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	TOTAL INGRESOS	3.220.311,08

De conformidade co disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra esta aprobación definitiva do orzamento municipal poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a partir da publicación deste anuncio, sen prexuízo de que poida interperse calquera outro que conveña.

Na mesma sesión plenaria aprobouse tamén o Cadro de Persoal desta Corporación, e procédese a súa publicación segundo o preceptuado no artigo 127 do RD 781/1986:

ANEXO DE PERSOAL

A. FUNCIONARIOS

DENOMINACION	Nº	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	NIVEL	SITUACIÓN
Secretario/a-Interventor/a	1	A1	H. Nacional	Secret-Interv.	26	Interinidade
Administrativo/a-Tesorero/a	1	C1	Adm. Xeral	Administrativa	16	Interinidade

Auxiliar Administrativo	2	C2	Adm. Xeral	Auxiliar	16	1. Propiedade 1. Interinidade
Traballador/a Social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	16	Interinidade
Operario Servizos Especiais	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiais	16	Propiedade
Oficial Encargado Obras	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiais	16	Vacante

B. PERSOAL LABORAL

DENOMINACIÓN	NÚMERO	SITUACIÓN	VÍNCULO
Bibliotecaria	1	Ocupada polo titular	Laboral Fixo
Xardiñeiro	1	Ocupada polo titular	Laboral Fixo
Operario Desbrozadora	1	Ocupada polo titular	Laboral Fixo
Traballadora Social	1	Ocupada	Laboral Temporal
AEDL	1	Excedencia	Lab. Indefinido
Azafata Inform. Xuv.	1	Ocupada	Lab. Temporal
Educadora Familiar	1	Ocupada	Lab. Temporal

O Saviñao, 25 de abril de 2022. O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0981

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DO 1 DE ABRIL DE 2022 DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES QUE CANALIZARÁN AS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA APOIAR A ORGANIZACIÓN DE VISITAS, POR PARTE DAS ANPAS DOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PROVINCIAIS, ÁS GRANXAS E EXPLOTACIONES AGROPECUARIAS DA PROVINCIA DE LUGO, E ACTIVIDADES ASOCIADAS ÁS MESMAS, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, NO 2022

BDNS(Identif.):623119

De acordocodispuesto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/623119>)

BDNS (Identif.): SUBV/CONC-MRM 1/22

De conformidadeco previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<http://pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias destassubvencions as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (en adiante, ANPAS) dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria da Provincia de Lugo que organicen visitas con alumnos de educación primaria dende os centros escolares ata algunha/s das explotacións relacionadas no Anexo IV.

Taménpoderán ser beneficiarias as ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria que organicen, no propio centro escolar, actividades dirixidas a alumnos de educación primaria, que permitan dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos/as agricultores/as, a través de obradoirosou xornadas divulgativas realizados por algunha das entidades relacionadas no Anexo IV.

As ANPAS dos centros escolares públicos de educación infantil e primaria poderán ser beneficiarias das subvencións en calquera das dúas modalidades sinaladas, para o cal poderán presentar as súas solicitudes conforme ao establecido na Base 8.

Atendendo á finalidade da concesión das subvencións, será requisito para obter a condición de beneficiarias das subvencións que as ANPAS pertencen a centros educativos de municipios rurais, considerándose como tales os municipios de ata 20.000 habitantes. Porén, no suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de axudas, non se esgote o crédito existente para a execución do Programa, poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións as ANPAS que pertencen a centros educativos de municipios cuxa poboación supere os 20.000 habitantes.

Segundo.- Obxecto

As presentes Bases teñen como obxecto a ordenación do procedemento para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, no marco do Programa *¿Da escola á granxa¿*, de axudas dirixidas ás Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (en adiante, ANPAS) da provincia de Lugo, para apoiar a organización de visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, que se pode consultar na web da entidade (<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>).

Convocatoria e Bases canalizadoras das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros escolares de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa *¿Da escola á granxa¿*, na anualidade 2022, que se poden consultar na web da Deputación de Lugo (<http://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medio-rural/subvencions-concorrencia>).

Cuarto.- Contía

A contía total máxima destinada a estas actividades, incluída no Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2022, é de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900.

O importe das axudas para cada actividade será o que corresponda en función do orzamento e das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas Bases 5 e 8, establecéndose unha contía mínima de 300 € e unha máxima de 600 € por visita ou actividade organizada.

A dita contía máxima fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total das actuacións subvencionadas, xa que, a lo menos, o 5% deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria.

No suposto de que, tras resolverse a totalidade das solicitudes de subvención, non se esgote o crédito global, o remanente existente poderá ser incorporado a calquera outro Programa de similares características posto en marcha pola Deputación de Lugo na anualidade 2022, que, en todo caso, non supoña modificación orzamentaria.

Do mesmo xeito, tamén se poderán incorporar a este Programa remanentes derivados da execución doutros plans similares postos en marcha por esta entidade.

As subvencións serán compatibles con outro tipo de achegas ou subvencións concedidas para a mesma finalidade por outras Administracións Públicas ou outros entes, públicos ou privados.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes

As ANPAS interesadas en solicitar estas subvencións disporán dun prazo de presentación de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da data da publicación desta Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 26 de abril de 2022.- O presidente, P.D. Decreto do 24/07/2019, a deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar, e Mociada, Mónica Freire Rancaño.

R. 0996

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/37794

Josefa Ascariz Viña, con D.N.I.***1828**, solicita autorización para talas dentro del dominio público hidráulico, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Río Grande

MARGEN / RIBERA: ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 2 robles, 9 abedules, 11 sauces, 1 fresno y 32 alisos

LUGAR: Parcela 66 del polígono 390 y Parcelas 10, 27 y 30 del polígono 391

PARROQUIA: Xiá (Santa María)

TÉRMINO MUNICIPAL: Friol

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 19 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0969

Anuncio

A/27/38969

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO:AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

TIPO DE AUTORIZACIÓN:Ejecución de un nuevo embarcadero, así como una pasarela de acceso al mismo, en el lugar de Os Chancís, T.M. de Sober (Lugo)

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: Río Sil

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: x = 612.450, y = 4.696.055

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:Sober (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Lugo, 19 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0970

Anuncio

A/27/37927

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO:Federación Gallega de Piragüismo Pontevedra

TIPO DE AUTORIZACIÓN:instalación de un campo de regatas de adiestramientos y competiciones durante los meses de julio y agosto de 2022, en el río Miño, en la localidad y término municipal de Lugo (Lugo).

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: Río Miño

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: x = 615.715, y = 4.762.525

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS:Lugo (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Lugo, 12 de abril de 2022.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 0971